

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 354** *Real decreto 2/2013, do 11 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, para o ano 2013 e seguintes, no referente a varios réximes de axuda.*

O Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable aos réximes de axuda comunitarios establecidos no Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

A partir do 1 de xaneiro 2012, case todos os pagamentos directos pasaron a ser desligados, quedando algúns réximes de axuda ligados á superficie ou á produción e outros sectores que seguiron recibindo unha axuda específica vía artigo 68 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009. Este mantemento e prórroga, así como os cambios na distribución das axudas, trasladáronse á normativa nacional a través do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, e derogouse o Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, de aplicación durante os anos 2010 e 2011.

Porén, considerouse conveniente e necesario establecer unha serie de modificacións no texto orixinario.

En relación co sector dos froitos de casca considérase necesario manter, por un ano máis, a prórroga da axuda nacional por superficie, co fin de amortecer os efectos derivados do cambio de réxime da axuda comunitaria, no seu segundo ano de aplicación como axuda dissociada, para ter unha transición ordenada.

No título V do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, establécense as axudas específicas por aplicación do artigo 68 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro. As axudas específicas aos produtores, en aplicación do artigo 68 do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, a excepción do Programa nacional para o fomento de rotacións de cultivo en terras de secaño (título V, capítulo I, sección 1.^a) e do Programa nacional para o fomento de actividades agrícolas específicas que reporten maiores beneficios agroambientais en determinadas especies do sector dos froitos de casca (ídem, sección 3.^a), están suxeitas, segundo o artigo 69.4 Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, a un límite total equivalente ao 3,5 % do límite máximo nacional determinado no anexo VIII do mesmo regulamento. O citado límite máximo nacional modificouse mediante o Regulamento de execución (UE) n.º 313/2012 da Comisión, do 12 de abril de 2012, que modifica os anexos IV e VIII do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común, reducíndose respecto do ano 2012, para o ano 2013 e sucesivos, en 142,749 millóns de euros a contía correspondente a España, o que fai preciso acometer unha redución correspondente nas contías das axudas suxeitas ao límite do 3,5 %, é dicir, por contía de 5.010.400 euros. Cómpre, por tanto, establecer mediante real decreto as modificacións para 2013 e seguintes anos das dotacións financeiras dalgunhas das axudas específicas suxeitas ao límite do 3,5 % mencionado, tendo en conta que a redución non se leva a

cabo de forma lineal aplicando unha proporcionalidade a todas as medidas, debido a que se ten en conta a orixe dos fondos para o seu financiamento.

Por outro lado, tamén se fai necesario clarificar algúns aspectos moi concretos relacionados coa aplicación práctica das axudas, co fin de facilitar a coordinación entre as administracións e asegurar unha actuación homoxénea destas respecto da concesión das axudas.

Neste marco cabe resaltar que, como consecuencia das observacións efectuadas pola Comisión Europea durante as auditorías, o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) elaborou un plan de medidas para a mellora da actualización do Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac). Unha das medidas incluídas no dito plan é a de aplicar un coeficiente de admisibilidade ás superficies de pastos xa que, a xuízo da Comisión, nalgunhas comunidades autónomas estas se pagan na súa totalidade aínda cando non son admisibles ao 100 %, polo que se debe modificar o real decreto en tal sentido.

Tamén se modifica a redacción do real decreto en aspectos relativos ao sistema de certificación a que está sometido o Programa nacional para o fomento da calidade da remolacha azucreira, con obxecto de facilitar a súa aplicación á vista da experiencia adquirida durante o seu primeiro ano de execución.

Finalmente, corríxese un erro material existente na letra b) do número 3 do artigo 81, no cal se establece o recoñecemento oficial dos esquemas de certificación de calidade de ámbito nacional.

Na elaboración desta norma consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xaneiro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir de 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, queda modificado como segue:

Un. No artigo 2 engádese unha nova letra n), co seguinte contido:

«n) Coeficiente de admisibilidade de pastos: ás superficies de pastos que presenten características que impidan un aproveitamento total delas pola presenza de elementos improditivos tales como rochedos, lagoas e outras zonas sen vexetación, así como pendentes elevadas ou outras características que determine a autoridade competente, asignaráselles no Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (Sixpac) un coeficiente que reflecta a porcentaxe de admisibilidade a nivel de recinto Sixpac, de modo que no dito recinto a superficie admisible máxima, para efectos dos réximes de axudas directas, será a superficie do recinto multiplicada polo dito coeficiente. En caso de desconformidade co coeficiente asignado poderase presentar unha alegación motivada ao Sixpac.»

Dous. No artigo 8 engádese un novo número 4, co seguinte contido:

«4. Para efectos do establecido neste artigo, deberase ter en conta a definición do artigo 2.n).»

Tres. O artigo 20 queda redactado como segue:

«Artigo 20. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Os agricultores con plantacións de amendoeira, abeleira, nogueira, pistacho e alfarrobeira, que cumpran as condicións que se recollen no seguinte artigo, poderanse beneficiar dunha axuda nacional por superficie para os anos 2012 e 2013.»

Catro. O número 3 do artigo 54 queda redactado como segue:

«3. A dotación orzamentaria do programa é de 13.432.000 euros ao ano e será aplicable a partir da campaña 2012.»

Cinco. O número 2 do artigo 58 queda redactado do seguinte modo:

«2. A produción de remolacha azucreira obxecto da axuda estará sometida a un sistema de certificación da calidade dos alimentos que se poderá realizar polas seguintes modalidades, a elección de cada comunidade autónoma no seu ámbito territorial:

a) Organismos de certificación, privados ou públicos, que xustifiquen estar acreditados para certificar os requisitos exixidos no programa, en cumprimento da norma UNE/EN/45011.

b) Un órgano de control, con capacidade xurídica suficiente, que certifique o cumprimento dos requisitos exixidos no sistema de certificación. O órgano de control deberá dispor dos recursos e instalacións adecuadas para levar a cabo as comprobacións que se determinen. Os controis deberanse realizar de acordo co programa de control aprobado pola comunidade autónoma.»

Seis. No número 2 do artigo 65 engádese un terceiro parágrafo, co seguinte contido:

«En relación co establecido no parágrafo anterior, deberase ter en conta a definición do artigo 2.n).»

Sete. A letra f) do número 1 e o número 2 do artigo 67 modifícanse da seguinte maneira:

1. A letra f) do número 1 substitúese pola seguinte:

«f) Etiquetaxe facultativa desenvolvida de acordo co previsto no Real decreto 1703/2011, do 18 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións ás agrupacións de produtores nos sectores ovino e cabrún no exercicio 2012, ou norma autonómica de desenvolvemento e execución deste, así como, para o caso do País Vasco, o establecido no Decreto 13/2004, do 20 de xaneiro, de agrupacións de produtores agrarios e as súas unións na Comunidade Autónoma do País Vasco. Ademais, deberán ser conformes coas condicións recoñecidas mediante a Resolución do 19 de decembro de 2011, da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, pola que se aproba a Guía da etiquetaxe facultativa de carne de año e cabrito ou con calquera esquema de certificación de calidade equivalente recoñecida polas autoridades competentes autonómicas nos territorios forais mediante a correspondente norma.

Para estes efectos, a partir da información proporcionada polas comunidades autónomas segundo se establece na letra l) do número 2 do artigo 97, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elaborará e fará pública, antes do 1 de febreiro de cada ano de solicitude, unha relación nacional de pregos de etiquetaxe facultativa que cumpran coas condicións establecidas neste punto.»

2. O número 2 queda redactado como segue:

«2. A dotación orzamentaria para esta axuda específica é de 7.200.000 euros no ano 2012 e de 6.800.000 euros no ano 2013.»

Oito. O número 1 do artigo 69 queda modificado como segue:

«1. O importe das axudas por animal elixible será:

a) No caso de denominacións de calidade de ámbito comunitario: o importe completo da axuda.

b) No caso de denominacións de calidade de ámbito nacional: o 80 por cento do importe completo da axuda.

No caso de que nunha explotación se comercialicen simultaneamente producións de calidade baixo denominacións de ambos os ámbitos, comunitarias e nacionais, o cálculo do número de animais con dereito a pagamento para cada un dos ámbitos, comunitario e nacional, realizarase do modo seguinte:

Se a produción comercializada baixo o ámbito comunitario é suficiente para alcanzar a porcentaxe mínima que dá dereito á axuda, con independencia da produción de calidade alcanzada no ámbito nacional, todos os animais da explotación con dereito a pagamento cobrarán o importe completo da axuda.

Se non se alcanza o dito mínimo coa produción de calidade de ámbito comunitario, pero entre as producións de calidade nacionais e comunitarias si se alcanza, o número de animais con dereito a pagamento para cada un dos ámbitos, comunitario e nacional, calcularase proporcionalmente á produción comercializada en cada un deles.

Para poder realizar o pagamento da axuda, os responsables dos pregos de etiquetaxe facultativa, consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas, denominacións de orixe protexidas ou as entidades que acreditan a produción gandeira ecolóxica e integrada, comunicarán aos organismos competentes, para estes efectos, antes do 1 de febreiro do ano seguinte ao da presentación da solicitude única, a información necesaria sobre as explotacións e titulares que comercializasen a súa produción durante o ano anterior ao abeiro destes programas de calidade dos cales sexan responsables, segundo os datos mínimos que se especifican no anexo XII.»

Nove. O número 2 do artigo 70 substitúese polo seguinte:

«2. A dotación orzamentaria para esta axuda específica é de 28.200.000 euros no ano 2012 e de 26.500.000 euros no ano 2013.»

Dez. O número 2 do artigo 71 queda modificado como segue:

«2. As axudas limitaranse a titulares de explotacións de ovino agrupados en entidades asociativas, constituídas antes da data de finalización do prazo de presentación da solicitude única nalgunha das entidades asociativas que define o artigo 6 a) e b) da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, cuns censos mínimos de femias reprodutoras elixibles, propiedade dos titulares de explotación agrupados, de 5.000 reprodutoras, e que levasen a cabo actuacións antes do último día de presentación da solicitude, recollidas nos seus estatutos, para a consecución dalgún dos seguintes obxectivos:

a) A dotación de infraestruturas para a ceba e tipificación de anos e/ou a comercialización en común da súa carne, leite ou produtos lácteos e/ou la.

b) Emprender accións comúns para mellora da rastrexabilidade e/ou etiquetaxe da produción.

c) Dotación de servizos comúns e de substitución (por exemplo, para o pastoreo, rapa...).

d) Levar a cabo accións comúns de formación, mellora tecnolóxica ou innovación, no ámbito da produción e/ou da comercialización.

Un titular de explotación de ovino só poderá presentar unha única solicitude de axuda vinculada á entidade asociativa, que deberá indicar na solicitude.

Para ter dereito á axuda deberase comprobar que o solicitante, como membro da entidade asociativa, participou durante o ano de solicitude nalgunha das actividades relacionadas anteriormente, levadas a cabo pola dita entidade.»

Once. O número 2 do artigo 73 substitúese polo seguinte:

«2. A dotación orzamentaria para esta axuda específica é de 4.700.000 euros no ano 2012 e de 4.400.000 euros no ano 2013.»

Doce. O artigo 76 queda redactado como segue:

«Artigo 76. *Obxecto, ámbito de aplicación e dotación.*

1. En virtude do artigo 68.1 b) do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, concederase unha axuda específica ás explotacións de vacún de leite españolas para facilitar a súa adaptación á eliminación progresiva do réxime de cotas.

2. A dotación orzamentaria para esta axuda específica no ano 2012 é de 56.010.400 euros. Este importe distribuirase da seguinte forma:

a) 51.210.400 euros para unha axuda ás explotacións localizadas en zonas desfavorecidas, segundo a relación que recolle o anexo 9.1.1. Listaxe de zonas desfavorecidas de España do Programa de desenvolvemento rural das medidas de acompañamento do período de programación 2000-2006, aprobado pola Decisión C (2000) 3549, do 24 de novembro, e modificado pola Decisión C (2006) 607, do 22 de febreiro, así como as modificacións desta relación que veñan recollidas nos programas de desenvolvemento rural das comunidades autónomas, conforme as disposicións específicas que se definan de acordo co procedemento mencionado no artigo 90, número 2, do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do 20 de setembro, coa seguinte desagregación:

1.º 18.200.000 euros para unha axuda ás explotacións localizadas en zonas de montaña e zonas con dificultades específicas.

2.º 19.600.000 euros para unha axuda ás explotacións localizadas noutras zonas desfavorecidas distintas ás de montaña afectadas por desvantaxes naturais.

3.º 13.410.400 euros para unha axuda complementaria ás explotacións localizadas nas zonas anteriores que, ademais, dispoñan da base territorial para a alimentación do gando produtor de leite conforme se establece no artigo 77.

Para estes efectos, a Comunidade Autónoma das Illes Balears, pola súa condición de insularidade, asimilárase para efectos desta medida como zona desfavorecida con dificultades específicas na totalidade do seu territorio.

b) 4.800.000 euros para unha axuda ás explotacións localizadas no resto de zonas do territorio español distintas ás previstas anteriormente.

3. Para o ano 2013 a dotación orzamentaria para esta axuda específica será de 53.400.000 euros, que se distribuirán da seguinte forma:

a) 48.900.000 euros para unha axuda ás explotacións localizadas nas zonas desfavorecidas mencionadas no número 2.a), coa seguinte desagregación:

1.º 17.100.000 euros para unha axuda ás explotacións localizadas en zonas de montaña e zonas con dificultades específicas.

2.º 18.400.000 euros para unha axuda ás explotacións localizadas noutras zonas desfavorecidas distintas ás de montaña afectadas por desvantaxes naturais.

3.º 13.400.000 euros para unha axuda complementaria ás explotacións localizadas nas zonas anteriores que, ademais, dispoñan da base territorial para a alimentación do gando produtor de leite conforme se establece no artigo 77.

Para estes efectos, a Comunidade Autónoma das Illes Balears, pola súa condición de insularidade, asimilárase para efectos desta medida como zona desfavorecida con dificultades específicas na totalidade do seu territorio.

b) 4.500.000 euros para unha axuda ás explotacións localizadas no resto de zonas do territorio español distintas ás previstas anteriormente.»

Trece. A letra b) do número 3 do artigo 81 pasa a ter a seguinte redacción:

«b) A autorización provisional producirá efectos durante o prazo máximo de dous anos desde a data da súa notificación ao organismo solicitante, ou ata que sexan acreditados, se o prazo é menor. Se o organismo independente de control non obtívase a acreditación no dito prazo, a autorización provisional caducará automaticamente, sen que a mesma persoa física ou xurídica poida volver solicitar outra autorización provisional na mesma ou noutra comunidade autónoma. Non obstante, se a non obtención da acreditación se debe a causas alleas ao organismo, este prazo poderase prorrogar seis meses máis.»

Catorce. O artigo 85 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 85. *Contido da solicitude única.*

1. A solicitude única cubrirase nos formularios e soportes establecidos para o efecto polas autoridades competentes.

2. A solicitude única poderase presentar por medios electrónicos ou por calquera das formas que estableza a autoridade competente.

3. Na solicitude única declararanse todas as parcelas agrícolas da explotación, mesmo aquelas polas cales non se solicite ningún réxime de axuda.

A identificación de cada parcela agrícola realizarase mediante o código de identificación do recinto ou recintos Sixpac que a integren e indicárase a superficie en hectáreas con dous decimais.

4. O agricultor deberá facer unha declaración expresa na cal dará a súa conformidade á delimitación, o uso e demais información contida no Sixpac para cada un dos recintos declarados. En caso contrario, deberá facer as correspondentes alegacións segundo se especifica no artigo seguinte.

5. Con base nos criterios e procedementos que, se for o caso, estableza a autoridade competente, o agricultor declarará na solicitude única o aproveitamento dos recintos de pastos ou os labores de mantemento realizados neles.

6. Ademais do previsto neste artigo, a solicitude deberá conter como mínimo a información que se recolle no anexo I acompañada, segundo o réxime de axudas que se solicite, da documentación adicional que se indica nos anexos correspondentes. Non obstante, en función da información que estea á disposición da autoridade competente, esta decidirá a información e documentación que debe presentar o agricultor.»

Quince. O artigo 88 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 88. *Modificación das solicitudes.*

Unha vez finalizado o prazo para a presentación da solicitude única, os agricultores poderán, ata o 31 de maio, engadir parcelas individuais ou dereitos de pagamento individuais sempre que se cumpran os requisitos fixados no réxime de

axuda de que se trate. Ademais, poderase modificar o uso ou o réxime de axuda das parcelas agrícolas xa declaradas na solicitude única sempre que este xa se solicítase con outras parcelas na solicitude única.

Cando estas modificacións repercutan nalgún xustificante ou contrato que se debe presentar, tamén estará permitido modificalo.»

Dezaseis. No artigo 91 engádese un número 4, co seguinte contido:

«4. No caso de pastos levarase a cabo un seguimento específico para comprobar que cumpren o establecido nos números 3 e 4 do artigo 8.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de xaneiro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
MIGUEL ARIAS CAÑETE